

Os recortes matan

Escrito por Xabier P. Igrexas
Xoves, 07 Marzo 2013 23:39



O colapso das urxencias do Hospital Xeral de Vigo non é unha situación nova. É vox populi en toda a cidade. As historias de doentes que teñen que padecer esperas maratonianas de máis de 7 e 8 horas son moi frecuentes, como o son as dos pacientes aparcados nos corredores do hospital. Tamén os sustos que ten provocado esa situación, por exemplo en forma de desmaios. Onte unha paciente de 80 anos morría na sala de espera despois de tres horas de agarda. E todo malia as derivacións de pacientes a outros centros de saúde, mesmo algún privado.

O SERGAS limitouse a recoñecer a información que xa fóra filtrada aos xornais da cidade e a anunciar que abrirá unha investigación interna. A única explicación que ofreceu foi escusarse na "saturación" que segundo afirman é tradicional nesta época do ano e que desta volta retrasouse por mor das condicións climatolóxicas. Se é habitual porque non se poñen as medidas necesarias para facerlle fronte? E nun contexto de colapso, como poden explicar que haxa baixas de persoal médico sen cubrir como denuncian as organizacións sindicais?

É difícil acertarmos a asegurar se a demora na atención médica puido ser causa ou un factor acelerante ou agravante do proceso que resultou nesta morte. Porén, este caso volve poñer en evidencia as insuficiencias que as políticas de recortes, impostas polo Partido Popular, xeran nun servizo vital como é a atención sanitaria.

Os recortes matan

Escrito por Xabier P. Igrexas
Xoves, 07 Marzo 2013 23:39

As infraestruturas sanitarias de Vigo sintomatizan unha incipiente saturación, agravada polo moi discutíbel concerto co hospital privado POVISA e pola paralización case total das obras do futuro novo Hospital (de xestión privada por decisión da Xunta). Unha realidade que ben poderíamos facer extensíbel ao conxunto de Galiza por mor da brutal vaga de recortes. Recortes que matan.

Xabier P. Igrexas

www.contradiscurso.net | [@contradiscurso](https://twitter.com/contradiscurso)